

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2023/7	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	16 de febreiro de 2023
Duración	Dende as 13:13 ata as 13:32 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Manuel Cuíña Fernández
Secretaria	Déborah García Suárez

ASISTENCIA A SESIÓN	
Nome e Apelidos	Asiste
Angela Troitiño Gil	SÍ
Antonio Ferro Losada	SÍ
Jesús Taboada Lázara	SÍ
Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior: 10.02.2023

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 10 de febreiro de 2023.

Expediente 331/2023. Servizos Sociais. Solicitud de Axuda de Emerxencia Social

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da traballadora social, con data 15 de febreiro, no que se propón favorable a concesión dunha axuda de emerxencia social para o pago da parte proporcional de xaneiro de 2023 da factura de teléfono de Don J.A.R.D.

Visto que reúne os requisitos establecidos na Ordenanza Reguladora das Axudas de Emerxencia Social do Concello de Silleda.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, ACORDA:

Primeiro.- Conceder en concepto de axuda de emerxencia social a axuda consistente no pago da parte proporcional de xaneiro de 2023 da factura de teléfono de D.J.A. R.D. á persoa solicitante da axuda.

Segundo.- Aprobar o pago delegado da parte proporcional do mes de decembro da factura nº S50018928273-0123 por importe de 25,85€ con cargo á aplicación orzamentaria correspondente.

Terceiro.- Realizar o pagamento a través do pago delegado a “Orange” polo concepto da contía indicada.

Cuarto.- Comunicar ás persoas interesadas a concesión da axuda.

Quinto.- Dar conta do presente acordo ao departamento de tesourería para que efectúe os pagos da axuda concedida.

Expediente 337/2023. Servizos Sociais. Solicitud de Axuda de Emerxencia Social

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da traballadora social, con data 15 de febreiro, no que se propón favorable a concesión dunha axuda de emerxencia social para o pago do xantares do mes de xaneiro de 2023 de Don J.V.A.

Visto que reúne os requisitos establecidos na Ordenanza Reguladora das Axudas de Emerxencia Social do Concello de Silleda.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, ACORDA:

Primeiro.- Conceder en concepto de axuda de emerxencia social a axuda consistente no pago do copagamento dos xantares do mes de xaneiro 2023 de Don J.V.A. usuario do Programa Xantar na Casa.

Segundo.- Aprobar o pago delegado da factura nº A23/01802 por importe de 49,28€ con cargo á aplicación orzamentaria correspondente.

Terceiro.- Realizar o pagamento a través do pago delegado a Culinaria “COESCO DEZA S.L.U.” polo concepto da contía indicada.

Cuarto.- Comunicar ás persoas interesadas a concesión da axuda.

Quinto.- Dar conta do presente acordo ao departamento de tesourería para que efectúe os pagos da axuda concedida.

Expediente 336/2023. Servizos Sociais. Solicitud de Axuda de Emerxencia Social

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da traballadora social, con data 15 de febreiro, no que se propón favorable a concesión dunha axuda de emerxencia social para o pago do xantares do mes de xaneiro de 2023 de Don J.V.A.

Visto que reúne os requisitos establecidos na Ordenanza Reguladora das Axudas de Emerxencia Social do Concello de Silleda.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, ACORDA:

Primeiro.- Conceder en concepto de axuda de emerxencia social a axuda consistente no pago do copagamento dos xantares do mes de xaneiro 2023 de Don J.V.A. usuario do Programa Xantar na Casa.

Segundo.- Aprobar o pago delegado da factura nº A23/01802 por importe de 49,28€ con cargo á aplicación orzamentaria correspondente.

Terceiro.- Realizar o pagamento a través do pago delegado a Culinaria “COESCO DEZA S.L.U.” polo concepto da contía indicada.

Cuarto.- Comunicar ás persoas interesadas a concesión da axuda.

Quinto.- Dar conta do presente acordo ao departamento de tesourería para que efectúe os pagos da axuda concedida.

Expediente 328/2023. Servizos Sociais. Solicitud de Axuda de Emerxencia Social

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da educadora social con data 12 de febreiro, respecto da situación de vulnerabilidade económica dunha familia residente no noso concello valórase a necesidade de prestar apoio económico para axudar a facer fronte ós gastos do material académico e escolar dos menores.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, ACORDA:

Primeiro.- Conceder en concepto de axuda de emerxencia social a axuda consistente no pago dunha factura de material académico e escolar dos menores da unidade familiar.

Segundo.- Aprobar o pago delegado a LIBRERÍA PILY (Silvia López Romero) da factura número 34 por importe de 187,61 €, con cargo á aplicación presupostaria correspondente.

Terceiro.- Comunicar á persoa interesada a concesión da axuda.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo ao departamento de tesourería para que efectúe os pagos da axuda concedida.

Expediente 1397/2022. Licenza ou Autorización Urbanística. Rehabilitación e Ampliación de Vivenda Unifamiliar.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

LEXISLACIÓN APLICABLE:

Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.

Lei 1/2021, de 08 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.

Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia (PBAG).

Plan Xeral de Ordenación Urbana de Silleda.

Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.

ANTECEDENTES:

1º.-Consta no expediente 1397/2022 a solicitude de licenza urbanística; incoada por Dona Rocío Fernández Liñares, para a Rehabilitación e Ampliación de Vivenda Unifamiliar sita no Lg. Eirexe s/n, parcela 804 polígono 507, parroquia de Parada, concello de Silleda, Pontevedra (Referencia catastral 36052S507008040000KS); aportando a seguinte documentación con nº de entrada no Rexistro de este concello 2022-E-RE-1126:

-Un modelo de representación de Rocío Liñares Fernández a Ángel Alonso Méndez, firmado o 13 de setembro de 2022.

-Proxecto básico para a rehabilitación e ampliación dunha vivenda en Silleda, asinado polo arquitecto Ángel Alonso Méndez, colexiado nº 2227, visado 2205132,2 o 15 de setembro de 2022.

-Folla de estatística de edificación e vivenda, visado 2205132,3 o 15 de setembro de 2022.

-Oficio de dirección de obra, no que consta que o arquitecto redactor do proxecto, Ángel Alonso Méndez, se fará cargo da dirección da obra.

-Xustificante do pago das taxas.

2º.- Consta no expediente o informe da arquitecta técnica, Verónica Chaves González, de 30 de decembro de 2022 no que advirte unha serie de deficiencias na documentación aportada:

“Unha vez analizada a documentación achegada, constátanse unha serie de carencias e deficiencias que non permiten discernir a viabilidade do proxectado. Polo que, se deberá requirir a interesada, nos termos do art. 354 do RLSG, a emenda e presentación da seguinte documentación:

1. Respecto da edificación existente, resulta necesario aclarar as dimensións e posición sobre a parcela (Non concorda o estado actual representado nos planos coa percepción incluída na reportaxe fotográfica achegada (volumen acaroadado o corpo principal)). Planos de estado actual necesariamente acoutados. Plano de emprazamento acoutando distancias de separación e protección a lindeiros e fronte a vía pública, en planos de estado actual e reformado.

Aos efectos de análise do réxime aplicable regulado no artigo 40 da LSG é necesario a cuantificación expresa dos volumes preexistentes e das ampliacións a realizar (especialmente análise resolución en volume anexo secundario).

2. En relación aos servizos públicos, deberá aclararse, definirse e acompañar a documentación necesaria respecto do servizo de abastecemento de auga, de si se trata dunha conexión existente ou a realizar, dado a discrepancia detectada en proxecto. Cuantificación das obras de conexión aos distintos servizos. Definición tipo de fosa séptica a instalar (no caso de tipo non estanco, necesaria

achega de autorización de vertido por parte do organismo de bacía (Augas de Galicia).

3. Memoria construtiva (apartado 2 de proxecto) incompleta.

4. Respecto da delimitación da parcela, deberá incluírse a definición completa do tipo de peche a realizar (sistema construtivo e dimensións), así como trazado e posición debidamente acoutado en plano de emprazamento. Necesaria garda distancia protección en fronte vía pública. Xustificación cumprimento normas de aplicación directa.

5. Nomeamentos de dirección de execución e coordinador en materia de seguridade e saúde das obras visados polos colexios oficias correspondentes. (Art. 353.2.e) RLSG).

6. As autorizacións e informes sectoriais que sexan preceptivos. (Art. 353.2.i) RLSG): A parcela atópase dentro da zona de Concentración parcelaria de Laro-Parada aprobada por Decreto do 16/08/1969; polo que resultará necesario previa autorización por parte do órgano que teña a competencia sectorial en materia agrícola ou gandeira (Servizo de Infraestruturas Agrarias da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia), respecto das obras a executar.

7. Necesaria incursión no proxecto do correspondente Estudo de Seguridade e Saúde das obras, en virtude dos art. 4 e 17 do RD 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción”.

3º.- En resposta ós requerimentos efectuados polo informe da arquitecta técnica, o 25 de xaneiro de 2023, nº de entrada no Rexistro de este Concello 2023-E-RE-77, preséntase a seguinte documentación, que forma parte do expediente:

-Memoria xustificativa asinada polo arquitecto redactor do proxecto Ángel Alonso Méndez, colexiado nº 2227.

-Volume comparado-actual proposta.

-Situación do estado actual.

-Situación proposta sistema de depuración.

-Informe favorable do Servizo de Infraestruturas Agrarias da Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería do Medio Rural.

-Xustificante de pago das taxas a Augas de Galicia polo procedemento de autorización de vertido de augas residuais domésticas depuradas por infiltración no terreo procedentes dunha vivenda unifamiliar asentada no lugar de Eirexe – parcela 804, polígono 507 – parroquia de Parada (t.m. Silleda) e requirimento de documentación adicional.

-Modelo de representación de Rocío Liñares Fernández a Ángel Alonso Méndez, firmado o 13 de setembro de 2022.

4º.- O 26 de xaneiro de 2023, con nº de rexistro de entrada neste Concello 2023-E-RE-91, preséntase a proposta de resolución de Augas de Galicia sobre a autorización de vertido de augas residuais domésticas depuradas por infiltración no terreo (cunca do río Ulla) procedentes dunha vivenda unifamiliar asentada no lugar de Eirexe, núm. 27 – parcela 804, polígono 507 –parroquia de Parada (t.m. Silleda). Esa Subdirección Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico propón o seu outorgamento baixo unha serie de condicións.

5º.- Consta informe favorable da arquitecta técnica, Verónica Chaves González, asinado o 30/01/2023, ó que a funcionaria que suscribe remítese íntegramente en canto ós aspectos técnicos e cumprimento da normativa urbanística se refire, tratando o presente informe única e exclusivamente dos aspectos procedimentales do caso.

O informe favorable da arquitecta recolle o seguinte:

“Á vista da documentación presentada xunto coa análise realizado no informe técnico do 10.01.2023, e no que se refire ao estrito cumprimento dos aspectos urbanísticos obxecto de control municipal previo á concesión de licenza de obras, e sen prexuízo doutros informes que procedan, **INFÓRMASE FAVORABLEMENTE** o presente expediente para a rehabilitación e ampliación da vivenda unifamiliar illada existente, sita no Lg. Eirexe s/n, parcela 804 polígono 507, parroquia de Parada, concello de Silleda, Pontevedra (Referencia catastral 36052S507008040000KS), de acordo ao Proxecto básico e documentación complementaria en anexo presentada, asinado polo arquitecto D. Ángel Alonso Méndez (Arquitecto Colexiado nº 2.227); sempre que se observen as seguintes condicións:

1. En atención a criterios de integración na contorna e na paisaxe sobre a que se asenta, non se admitirán combinacións agresivas de cor nos elementos de fachada (paramentos, carpinterías e elementos de recollida de augas pluviais). Debendo empregarse tonalidades axustadas ao medio, tomando como pauta o recollido na Guía de cor e materiais de Galicia, publicada pola Xunta de Galicia e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia no ano 2017.
2. O peche adaptarase ao medio no que se localiza. As cancelas, deseñaranse coas dimensións e materiais que sexan harmoniosos co resto do valado. Neste senso, a súa altura non debe superar a do valado. Procurarase que estes teñan a maior sinxeleza de liñas e simplicidade de deseño, evitando solucións imitativas de antigos motivos ornamentais de forxa ou fundición. A cor destas carpintarías será acorde á contorna na que se atopa a parcela, con acabado mate sen brillos.
3. Seguirase o preceptuado na autorización de Augas de Galicia outorgada para o vertido das augas residuais domésticas depuradas por infiltración no terreo.
4. En virtude do art. 2 do RD 1000/2010, do 5 de agosto, é obrigado obter visado colexial do proxecto de execución da edificación, que deberá presentarse con anterioridade ao inicio das obras. Igualmente, con anterioridade ao inicio das obras, presentaranse os nomeamentos da dirección facultativa das mesmas e do coordinador de seguridade e saúde, visados polos colexios oficiais correspondentes; así como o correspondente Estudo de seguridade e saúde das obras (Obrigatoriedade de estudo conforme art. 4.1.c) do RD 1627/1997, de 24 de outubro)”.

6º.- Consta informe xurídico da Secretaria da Corporación de data 15 febreiro de 2023.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.-LICENZAS URBANÍSTICAS

Pódese definir o termo licenza urbanística como un acto administrativo de autorización ou declarativo de dereitos, de natureza regrada, mediante o cal a Administración leva a cabo un control preventivo sobre a actividade dos administrados para asegurar que a actuación proxectada se axusta á ordenación urbanística.

As licenzas otórganse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanístico e sempre deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

A denegación das licenzas urbanísticas deberá ser motivada, con explícita referencia ás normas ou determinación do planeamento urbanístico que se incumplan no proxecto para o que se solicita.

Así o establecen os artigos 142, 143 e 144 da Lei 2/2016 LSG e arts.348 e ss do RLSG.

SEGUNDO.-OBXECTO DA LICENZA URBANÍSTICA

O artigo 142 da LSG recolle as Licenzas urbanísticas e comunicacións previas:

1. A licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.
2. Estarán suxeitos a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, os seguintes actos:
 - a) Os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, consonte a normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.
 - b) As intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.
 - c) As demolicións, agás as derivadas de resolucións de expedientes de restauración da legalidade urbanística.
 - d) Os muros de contención de terras, segundo se estableza regulamentariamente.
 - e) Os grandes movementos de terras e as explanacións.
 - f) As parcelacións, segregacións ou outros actos de división de terreos en calquera clase de solo, cando non formen parte dun proxecto de reparcelación.

g) A primeira ocupación dos edificios.

h) A implantación de calquera instalación de uso residencial, xa sexa provisional ou permanente

i) A corta de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos incorporados a procesos de transformación urbanística e, en todo caso, cando a dita corta derive da lexislación de protección do dominio público.

3. Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establezan nas leis.

No que respecta ao disposto na letra a) do precepto citado (artigo 142.2) e do artigo 351 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, non podemos perder de vista que os mesmos aluden única e exclusivamente aos «actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, conforme á normativa xeral de ordenación da edificación; precisen proxecto de obras de edificación», as obras nas que concorran os requisitos citados serán as únicas para as cales, por tanto, será necesaria licenza urbanística.

En relación co anterior debe terse en conta que o artigo 2.2 da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de Ordeación da edificación, redactado polo número un da disposición final terceira da Lei 8/2013, do 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas, detalla as obras que, para os efectos da devandita normativa; gozan da consideración de "edificación" e requiren proxecto, sinalando as que seguen:

"a) Obras de edificación de nova construción, excepto aquelas construcións de escasa entidade construtiva e sinxeleza técnica que non teñan, de forma eventual ou permanente, carácter residencial nin público e se desenvolvan nunha soa planta.

b) Todas as intervencións sobre os edificios existentes, a condición de que alteren a súa configuración arquitectónica, entendendo por tales as que teñan carácter de intervención total ou as parciais que produzan unha variación esencial da composición xeral exterior, a volumetría, ou o conxunto do sistema estrutural, ou teñan por obxecto cambiar os usos característicos do edificio.

c) Obras que teñan o carácter de intervención total en edificacións catalogadas ou que dispoñan dalgún tipo de protección de carácter ambiental ou histórico-artístico, regulada a través de norma legal ou documento urbanístico e aquelas outras de carácter parcial que afecten os elementos ou partes obxecto de protección."

TERCEIRO.- PROCEDIMENTO DE OUTORGAMENTO DE LICENZAS (artigo 143 LSG e 352 e seguintes do Decreto 143/2016)

1. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos. En ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

2. A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

3. Ás solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, respondendo o seu autor da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados no mesmo.

Con todo, as disposicións previstas no citado precepto desenvólvense nos artigos 352 a 359 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia, onde se describe de forma máis detallada o procedemento a seguir para a concesión de licenzas esixindo a emisión dos correspondentes informes técnico e xurídico con carácter previo á resolución do expediente de referencia; informes que deberán versar sobre a adecuación do acto pretendido ás previsións da lexislación e da ordenación territorial e urbanística de aplicación, así como ao planeamento vixente.

Xunto aos anteriores extremos destaca igualmente:

- A determinación legal do prazo, de 3 meses, no que terá que resolverse o citado procedemento con aplicación dun silencio administrativo positivo tan só naqueles supostos nos que o solicitado non resulte contrario á normativa ou ao plan urbanístico de aplicación. Previsión a citada que debe tomarse en consideración sen obviar as previsións do art. 114 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana.
- A previsión legal expresa, a través do artigo 145 da Lei de aplicación, de que o propio acto de outorgamento da licenza deberá concretar os prazos de caducidade daquela por causa de demora no comezo, interrupción ou fin das obras, así como a concreción, dun prazo por defecto para o inicio e o remate das obras (seis meses no primeiro caso e tres anos no segundo).

CUARTO.- Especial fincapé fai a normativa urbanística a respecto da prelación entre as licencias urbanísticas e outros títulos ou licencias administrativas necesarias en función da actividade que se pretenda levar a cabo na obra proxectada, determinando que:

1.- A falta de autorización ou concesión demanial ou a súa denegación -cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo se pretendan levar a cabo en terreos de dominio público- impedirá a concesión da licenza urbanística correspondente.

2.- Cando na obra proxectada se previse o desenvolvemento dunha actividade, será preciso concretar tal circunstancia de maneira expresa con motivo da presentación da solicitude de licenza de obras,

poñer en coñecemento da Administración municipal os datos que identifican da mesma actividade e achegar, tamén coa solicitude de licenza, a documentación prevista no artigo 24 da Lei do emprendemento e da competitividade económica de Galicia así como a contida no art. 364 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

3.- No caso de que os actos de edificación ou uso do solo e do subsolo requiran previa avaliación de impacto ambiental, non poderá outorgarse licenza municipal con anterioridade á citada declaración de impacto polo órgano ambiental competente ou cando a mesma resultase negativa.

4.- Non poderá outorgarse licenza sen o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando fosen procedentes de acordo co disposto na Lei 2/2016, do 10n de febreiro, do Solo de Galicia ou o seu Regulamento de Desenvolvemento; en particular, determina o art. 356 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, no solo rústico de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal, de conformidade co previsto nos artigos 36.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e 51.2 do mesmo regulamento.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

PRIMEIRO.- Conceder a Dona ROCÍO FERNÁNDEZ LIÑARES a licenza urbanística solicitada para a Rehabilitación e Ampliación de Vivenda Unifamiliar sita no Lg. Eirexe s/n, parcela 804 polígono 507, parroquia de Parada, concello de Silleda, Pontevedra (Referencia catastral 36052S507008040000KS) de acordo ao Proxecto básico e documentación complementaria en anexo presentada, asinado polo arquitecto D. Ángel Alonso Méndez (Arquitecto colexiado nº 2.227).

SEGUNDO.- A licenza otórgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e **CONDICIONADA** ás previsións dos informes técnicos e sectoriais que figuran no mesmo expediente. Así deberá respetar as seguintes condicións:

1. En atención a criterios de integración na contorna e na paisaxe sobre a que se asenta, non se admitirán combinacións agresivas de cor nos elementos de fachada (paramentos, carpinterías e elementos de recollida de augas pluviais). Debendo empregarse tonalidades axustadas ao medio, tomando como pauta o recollido na Guía de cor e materiais de Galicia, publicada pola Xunta de Galicia e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia no ano 2017.

2. O peche adaptarase ao medio no que se localiza. As cancelas, deseñaranse coas dimensións e materiais que sexan harmoniosos co resto do valado. Neste senso, a súa altura non debe superar a do valado. Procurarase que estes teñan a maior sinxeleza de liñas e simplicidade de deseño, evitando solucións imitativas de antigos motivos ornamentais de forxa ou fundición. A cor destas carpintarías será acorde á contorna na que se atopa a parcela, con acabado mate sen brillos.

3. Seguirase o preceptuado na autorización de Augas de Galicia outorgada para overtido das augas residuais domésticas depuradas por infiltración no terreo.

4. En virtude do art. 2 do RD 1000/2010, do 5 de agosto, é obrigado obter visado colexial do proxecto de execución da edificación, que deberá presentarse con anterioridade ao inicio das obras. Igualmente, con anterioridade ao inicio das obras, presentaranse os nomeamentos da dirección facultativa das mesmas e do coordinador de seguridade e saúde, visados polos colexios oficiais correspondentes; así como o correspondente Estudo de seguridade e saúde das obras (Obrigatoriedade de estudo conforme art. 4.1.c) do RD 1627/1997, de 24 de outubro).

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao interesado.

Expediente 1718/2022. Licenza ou Autorización Urbanística. Cambio de linde para reorganizar a propiedade.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

LEXISLACIÓN APLICABLE:

Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.

Lei 1/2021, de 08 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.

Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia (PBAG).

Plan Xeral de Ordenación Urbana de Silleda.

Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

ANTECEDENTES:

1º.- Consta iniciado neste Concello o expediente nº 1018/2020 no que figura que con data 03/07/2020 e nº de rexistro 2020-E-RC-2216, D. Fernando Gómez Folla, titular do Documento Nacional de Identidade 52.481.102-R, presenta solicitude para unha licenza de agregación – segregación, acompañada da seguinte documentación:

-Memoria Técnica “Agregación e segregación en Taboada”, redactada polo Enxeñeiro agrónomo D. David Cerdeira Canicoba, Colexiado Nº G-862 do COIAG, en xullo do 2020.

2º.- Con data 07/10/2020 o aparelador D. César Pereiras Cambón, emite informe técnico requirindo ao interesado para que aporte documentación para poder continuar coa tramitación do expediente.

3º.- Con data 02/11/2020 o secretaria Dna. María Fernanda Montero Parapar, emite informe xurídico onde lle require ao interesado para que aporte documentación, entre ela solicitar unha licenza de segregación de finca para reorganizar a propiedade.

4º.- O interesado o 01/12/2020, con rexistro de entrada neste Concello nº 2020-E-RC-4925, achega a seguinte documentación:

-Memoria Técnica “Segregación de finca para reorganización de propiedade en Taboada” redactada polo Enxeñeiro agrónoma D. David Cerdeira Canicoba, Colexiado Nº G-862 do COIAG, en Decembro do 2020.

-Proforma de escritura

-Solicitudede informe sectorial á Consellería do Medio Rural

5º.- O 29 de decembro de 2020, nº de rexistro neste concello 2020-E-RC-5266, o interesado achega informe favorable da Consellería de Medio Rural, emitido polo Xefe de Comarca Miguel Angel Pérez Dubois o 18 de Decembro do 2020 e visto e prace pola Xefa do Servizo de Infraestruturas Agrarias Mª José Pérez Gil.

6º.- O 8 de abril de 2021 a Xunta de Goberno Local acorda entender desisitido da súa solicitude ó interesado, en virtude do informe emitido pola Secretaria, María Fernanda Montero Parapar, o 7 de abril de 2021.

7º.- Con data o 27 de xullo do 2021, o interesado aporta documentación é solicita continuar co expediente ou abrir un novo (nº de rexistro neste Concello 2021-E-RC-3082). A documentación presentada é a seguinte:

-Memoria Técnica “Cambio de linde para Reorganización de propiedade en Taboada”, redactada polo Enxeñeiro agrónomo D. David Cerdeira Canicoba, Colexiado Nº G-862 do COIAG, en Xullo do 2021.

Procédese á apertura dun novo expediente, o 1718/2022.

8º.- O 28 de novembro do 2022, a arquitecta técnica municipal, María Luisa Presas Rodríguez, emite un informe técnico no que se lle reclama ó interesado documentación necesaria para continuar co procedemento.

9º.- O 5 de decembro de 2022, nº de rexistro neste Concello 2022-E-RC-4953, o interesado achega a seguinte documentación:

-Acreditación da propiedade (escrituras parciais)

-Planos sobre o PXOM e sobre a cartografía topográfica

10º.- O 14 de decembro de 2022 , con rexistro neste Concello nº 2022-E-RC-5072, o interesado

achega a seguinte documentación:

- Acreditación da propiedade
- Informe de validación gráfica
- Planos sobre o PXOM vixente

11º.- Consta informe favorable da arquitecta técnica, M^a Luisa Presas Rodríguez, asinado o 14/12/2022, ó que a funcionaria que suscribe remítese íntegramente en canto ós aspectos técnicos e cumprimento da normativa urbanística se refire, tratando o presente informe única e exclusivamente dos aspectos procedimentales do caso.

O informe favorable da arquitecta recolle o seguinte:

“CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. Concello de Silleda conta con Plan Xeral de Ordenación Municipal, en adiantePXOM, aprobado definitivamente o 04/06/1981, con data de publicación no DOG o 15/07/1981.

O apartado 2 da disposición transitoria primeira da Lei 2/2016 do 10 de febreiro do Solo de Galicia, regula o réxime transitorio aplicable aos municipios con planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e non adaptado á Lei 9/2002 do 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, establecendo o seguinte:

“o planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e non adaptado á Lei 9/2002 do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela consonte as seguintes regras:

c) O solo non urbanizable ou solo rústico, aplicaráselle o disposto na presente lei para solo rústico.

2. O actual Plan Xeral do Concello de Silleda ordena o seu ámbito territorial nun só plano a escala 1/25.000. Neste plano non se aprecian, entre outros, adelimitación do perímetro do núcleo, o trazado da rede viaria e a sinalización das aliñacións. Por outra banda, non foi levada a cabo modificación puntual do planeamento que delimitase os núcleos rurais segundo a normativa vixente, tendo en conta que se está a tramitar a revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal, que foi aprobado provisionalmente o 18 de marzo de 2016 e o 6 de setembro de 2022. Por conseguinte, visto o que se podería considerar un defecto de forma do Plan polas fallas que se mencionan, considerase que lle corresponde o tipo residual de SOLO RÚSTICO á totalidade do territorio municipal, salvo os cascos urbanos e o polígono industrial, debidamente delimitados no Plan Xeral en vigor.

Plano

Polo tanto, segundo o PXOM vixente, a normativa de aplicación é a de Solo Rústico, regulada na Lei 2/2016 do 10 de febreiro do Solo de Galicia.

INFORME

1. Segundo o artigo 149, “División y segregación de fincas en solo rústico” da lei 2/2016, do Solo da Galicia, establece o seguinte:

No solo rústico non poderán realizarse segregacións, salvo no suposto de execución de infraestruturas e dotacións e no caso de parcelas vinculadas a instalacións de parcelas vinculada a instalacións ou explotacións que houberan sido declaradas de utilidade pública e beneficiarias de expedientes de expropiación.

Non obstante, permitiranse segregacións ca finalidade de reorganizar a propiedade, sempre e cando non resulte un maior número de parcelas respecto o orixinariamente existente.

2. Segundo o artigo 150, “Réxime de parcelacións e divisións de terreos” da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, establece o seguinte:

(...)

6. Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos quedará suxeita a licenza municipal, agás que o concello declare a súa innecesariedade.

3. Segundo artigo 355.2 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2 2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia: “A documentación mínima a presentar nas licenzas de parcelación:

a) Memoria xustificativa, que comprenderá a finalidade ou o uso a que se pretendan destinar os lotes propostos e a súa adecuación ao planeamento urbanístico aplicable e ao réxime legal de formación de parcelas e predios.

Consta no expediente

b) Pro forma do documento público ou privado no que se reflita a división de terreos ou a operación xurídica asimilada que se solicite.

Consta no expediente

c) Plano de situación do predio que se pretenda dividir, con indicación da súa referencia rexistral e catastral.

Consta no expediente. Non está incluída a referencia rexistral

d) Plano parcelario do predio mencionado, a escala axeitada e con base cartográfica topográfica,

representativo dos lotes propostos.

Consta no expediente.

e) Superposición do plano parcelario sobre un plano de cualificacións urbanísticas.

Consta no expediente.


f) Fichas descritivas dos lotes resultantes, incluídas as relativas aos terreos destinados a sistemas urbanísticos que se teñan que ceder, se procede. As fichas terán que especificar os límites, a cabida e a cualificación urbanística de cada lote, así como a súa calidade de indivisible, se procede.

Consta no expediente

Polo que se extrae da documentación aportada, o cómputo de superficies de parcelas:

PARCELAS INICIAIS	LINDES	SUPERFICIE S ACTUAIS	SUPERFICIES RESULTANTES	CLASIFICACIÓN URBANÍSTICA
PARCELA 1 (627) Ref.Catastral: 36052L506006270000BR	Norte: 36052L506006260000BK Este: 36052L506090040000BP (camiño) Oeste: 36052L506006210000BL 36052L506006200000BP Sur: 36052L506006280000BD	9.548,00 m2	6.302,50 m2	Rústica
PARCELA 2 (628): Ref.Catastral: 36052L506006280000BD	Norte:36052L506006270000BR Este: 36052L506090040000BP (camiño) Oeste: 36052L506006190000BT 36052L506006200000BP Sur: 36052L506006300000BR 36052L506006290000BX	3.057,00 m2	6.302,50 m2	Rústica
SUPERFICIE TOTAL		12.605,00 m2	12.605,00 m2	

Segundo a memoria, o plano de superficies resultantes:



En conclusión, estímase viable a solicitude presentada, desde o punto de vista técnico ao leal saber e entender da arquitecta técnica que subscribe, sen prexuízo doutro criterio mellor fundamentado.”

12º.- Consta informe xurídico do 15 de febreiro do 2023.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.-LICENZAS URBANÍSTICAS

Pódese definir o termo licenza urbanística como un acto administrativo de autorización ou declarativo de dereitos, de natureza regrada, mediante o cal a Administración leva a cabo un control preventivo sobre a actividade dos administrados para asegurar que a actuación proxectada se axusta á ordenación urbanística.

As licenzas otórganse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanístico e sempre deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

A denegación das licenzas urbanísticas deberá ser motivada, con explícita referencia ás normas ou determinación do planeamento urbanístico que se incumplan no proxecto para o que se solicita.

Así o establecen os artigos 142, 143 e 144 da Lei 2/2016 LSG e arts.348 e ss do RLSG.

SEGUNDO.-OBXECTO DA LICENZA URBANÍSTICA

O artigo 142 da LSG recolle as Licenzas urbanísticas e comunicacións previas:

1. A licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

2. Estarán suxeitos a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, os seguintes actos:

a) Os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, consonte a normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.

b) As intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.

c) As demolicións, agás as derivadas de resolucións de expedientes de restauración da legalidade urbanística.

d) Os muros de contención de terras, segundo se estableza regulamentariamente.

e) Os grandes movementos de terras e as explanacións.

f) As parcelacións, segregacións ou outros actos de división de terreos en calquera clase de solo, cando non formen parte dun proxecto de reparcelación.

g) A primeira ocupación dos edificios.

h) A implantación de calquera instalación de uso residencial, xa sexa provisional ou permanente

i) A corta de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos incorporados a procesos de transformación urbanística e, en todo caso, cando a dita corta derive da lexislación de protección do dominio público.

3. Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establezan nas leis.

Compre destacar que a Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia regula no artigo 149 a "División e segregación de predios en solo rústico", de maneira que no solo rústico non se poderán realizar segregacións, agás no suposto de execución de infraestruturas e dotacións e no caso de parcelas vinculadas a instalacións ou explotacións que fosen declaradas de utilidade pública e beneficiarias de expedientes de expropiación.

Non obstante, permítense segregacións coa finalidade de reorganizar a propiedade, SEMPRE E

CANDO NON RESULTE UN MAIOR NÚMERO DE PARCELAS RESPECTO DO ORIXINARIAMENTE EXISTENTE.

Ademáis o artigo 150 do mesmo precepto legal regula o “Réxime de parcelacións e divisións de terreos” da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, no apartado sexto establece que, toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos quedará suxeita a licenza municipal, agás que o concello declare a súa innecesariedade.

TERCEIRO.- PROCEDEMENTO DE OUTORGAMENTO DE LICENZAS (artigo 143 LSG e 352 e seguintes do Decreto 143/2016)

1. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos. En ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

2. A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

3. Ás solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, respondendo o seu autor da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados no mesmo.

Con todo, as disposicións previstas no citado precepto desenvólvense nos artigos 352 a 359 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia, onde se describe de forma máis detallada o procedemento a seguir para a concesión de licenzas esixindo a emisión dos correspondentes informes técnico e xurídico con carácter previo á resolución do expediente de referencia; informes que deberán versar sobre a adecuación do acto pretendido ás previsións da lexislación e da ordenación territorial e urbanística de aplicación, así como ao planeamento vixente.

Xunto aos anteriores extremos destaca igualmente:

- A determinación legal do prazo, de 3 meses, no que terá que resolverse o citado procedemento con aplicación dun silencio administrativo positivo tan só naqueles supostos nos que o solicitado non resulte contrario á normativa ou ao plan urbanístico de aplicación. Previsión a citada que debe tomarse en consideración sen obviar as previsións do art. 114 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana.

- A previsión legal expresa, a través do artigo 145 da Lei de aplicación, de que o propio acto de outorgamento da licenza deberá concretar os prazos de caducidade daquela por causa de demora no comezo, interrupción ou fin das obras, así como a concreción, dun prazo por defecto para o inicio e o remate das obras (seis meses no primeiro caso e tres anos no segundo).

CUARTO.- Especial fincapé fai a normativa urbanística a respecto da prelación entre as licencias urbanísticas e outros títulos ou licencias administrativas necesarias en función da actividade que se pretenda levar a cabo na obra proxectada, determinando que:

1.- A falta de autorización ou concesión demanial ou a súa denegación -cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo se pretendan levar a cabo en terreos de dominio público- impedirá a concesión da licenza urbanística correspondente.

2.- Cando na obra proxectada se previse o desenrolo dunha actividade, será preciso concretar tal circunstancia de maneira expresa con motivo da presentación da solicitude de licenza de obras, poñer en coñecemento da Administración municipal os datos que identifican da mesma actividade e achegar, tamén coa solicitude de licenza, a documentación prevista no artigo 24 da Lei do emprendemento e da competitividade económica de Galicia así como a contida no art. 364 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

3.- No caso de que os actos de edificación ou uso do solo e do subsolo requiran previa avaliación de impacto ambiental, non poderá outorgarse licenza municipal con anterioridade á citada declaración de impacto polo órgano ambiental competente ou cando a mesma resultase negativa.

4.- Non poderá outorgarse licenza sen o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando fosen procedentes de acordo co disposto na Lei 2/2016, do 10n de febreiro, do Solo de Galicia ou o seu Regulamento de Desenvolvemento; en particular, determina o art. 356 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, no solo rústico de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal, de conformidade co previsto nos artigos 36.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e 51.2 do mesmo regulamento.

QUINTO.- O artigo 355 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia establece que:

A solicitude de licenza de parcelación deberá achegar un proxecto de parcelación suscrito por técnico competente, que incluírá:

a) Memoria xustificativa, que comprenderá a finalidade ou o uso a que se pretendan destinar os lotes propostos e a súa adecuación ao plan urbanístico aplicable e ao réxime legal de formación de parcelas e leiras.

b) Proforma do documento público ou privado no que se reflecta a división de terreos ou a operación xurídica asimilada que se solicite.

- c) Plano de situación da leira que se pretenda dividir, con indicación da súa referencia rexistral e catastral.
- d) Plano parcelario da leira mencionada, a escala idónea e con base cartográfica topográfica, representativo dos lotes propostos.
- e) Superposición do plano parcelario sobre un plano de cualificacións urbanísticas.
- f) Fichas descritivas dos lotes resultantes, incluídas as relativas aos terreos destinados a sistemas urbanísticos que se teñan que ceder, se procede. As fichas terán que especificar os límites, a cabida e a cualificación urbanística de cada lote, así como a súa calidade de indivisible, se procede.

A resolución municipal que outorgue a licenza urbanística de parcelación ou que declare a súa innecesariedade, deberá incorporar anexa unha copia certificada do plano parcelario correspondente e das fichas descritivas dos lotes resultantes.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

PRIMEIRO.- Conceder a Don FERNANDO GÓMEZ FOLLA a licenza urbanística solicitada para cambio de linde para reorganizar a propiedade, tendo en conta que se respete o establecido no artigo 149 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, que establece que se permiten segregacións coa finalidade de reorganizar a propiedade, SEMPRE E CANDO NON RESULTE UN MAIOR NÚMERO DE PARCELAS RESPECTO DO ORIXINARIAMENTE EXISTENTE

SEGUNDO.- A licenza otórgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

TERCEIRO.- O interesado deberá aboar a taxa por outorgamento da licenza polo importe que corresponda.

CUARTO.- Notificar o presente acordo ao interesado.

FOD - Expediente 1776/2022. Seleccións de Persoal e Provisións de Postos - Alegación Traballadora Social

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Inclusión por urxencia Expediente 1776/2022

Toma a palabra o Sr. Presidente, para explicar a urxencia da proposición incluída na orde do día da presente Xunta de Goberno Local.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 16 de febreiro de 2023.

Visto o recurso potestativo de reposición interposto por DNA. MARIA TERESA FERNÁNDEZ PÉREZ contra AS BASES ESPECÍFICAS QUE RIXEN O PROCESO SELECTIVO EXTRAORDINARIO DE ESTABILIZACIÓN DO CONCELLO DE SILLEDA PARA COBERTURA DUNHA PRAZA DE TRABALLADOR/A SOCIAL, así como o expediente de referencia, sinálanse os seguintes

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- O Pleno do Concello de Silleda, na sesión celebrada o 26 de maio de 2022, aprobou definitivamente a modificación do cadro de persoal, así como a oferta pública de emprego para o ano 2022. Así mesmo aprobou inicialmente a Relación de postos de Traballo (RPT).

No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 103, de data 31 de maio de 2022, publicouse o anuncio de exposición ao público da RPT, por un período de 20 días contados a partir do seguinte á publicación.

Presentadas reclamacións, alegacións ou suxestións no prazo establecido foron resoltas por acordo plenario, en sesión celebrada en data 24 de novembro do 2022, sendo aprobada definitivamente a Relación de Postos de Traballo (RPT).

De conformidade co disposto polo artigo 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, procedeuse á publicación íntegra da mencionada Relación de Postos de Traballo (RPT) no BOPPO en data 09 de decembro de 2022.

No que aquí interesa, consta a seguinte ficha de descripción de posto de traballo:

FICHA DE DESCRICIÓN DO POSTO DE TRABALLO							Concello de Silleda
DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABALLO: TRABALLADOR/A SOCIAL							Código
							0202-0203
Relación laboral:	Grupo	Tipo	Corpo Escala	Sistema de acceso	Nº postos	Nivel	Localización
Funcionario/a	A1-A2	F	AE	CONCURSO	2	22	Oficinas.
REQUISITOS DO POSTO							
Titulación esixida:							

Título universitario: Grao en Traballo Social

Coñecementos específicos:

Informática e galego. Manexo das distintas aplicacións e programas informáticas precisas para o óptimo desenvolvemento do seu traballo. Coñecer os distintos programas e axudas existentes en materias propias da súa especialidade. Carné de conducir B.

Misión:

Valorar e diagnosticar as situacións de problemática social individuais que se presentan, e deseñar os plans de intervención adecuados. Realizar as tarefas de tramitación de expedientes e prestacións sociais, xestión e coordinación dos servizos de axuda a domicilio e Lei de Dependencia, así como as tarefas derivadas da prestación dos servizos de benestar e servizos sociais de problemas nas relacións humanas e o fortalecemento nas persoas para incrementar o benestar.

Funcións principais:

1. Facilitar información, orientación e asesoramento en materia de acción social a persoas, grupos e institucións.
2. Realizar a xestión e tramitación de recursos e prestacións do sistema de benestar social.
3. Detectar, diagnosticar ou valorar necesidades e problemáticas individuais ou sociais.
4. Prestar atención directa ás persoas a nivel individual, familiar ou comunitario nas dependencias municipais ou en visitas domiciliarias.
5. Avaliar a problemática dos/as veciños/as e realizar a derivación, no seu caso, ao servizo competente.
6. Realizar e tramitar os informes e os expedientes relacionados coa súa area de traballo.
7. Realizar o seguimento dos/as usuarios/as.
8. Informar sobre os recursos dispoñibles para actuar sobre as diferentes problemáticas.
9. Colaborar coas distintas entidades públicas e privadas competentes en materia de servizos sociais.
10. Tramitar instancias para termalismo e turismo social e tarxetas de aparcamento discapacitados
11. Tramitar a tele asistencia domiciliaria e programas de alimentos
12. Elaboración de informes sociais a petición das Administracións Públicas
13. Elaboración e seguimento de programas de inserción relacionados coa Renda de Inserción Básica
14. Xestionar e supervisar o Servizo de Axuda a domicilio e realizar o seguimento dos casos
15. Tramitar, xestionar e facer o seguimento dos expedientes de Dependencia
16. En xeral todas aquelas actividades non especificadas anteriormente, incluídas no exercicio da súa titulación
17. Realizar calquera función, propia da súa categoría, que contribúa a un óptimo funcionamento do Concello

CONDICIÓN DO POSTO DE TRABALLO

- Xornada normal
- Interior, saídas puntuais.

Nº de postos: 2. (Un deles cuberto a día de hoxe por unha traballadora laboral fixa, polo que non sae a concurso no proceso selectivo extraordinario de estabilización)

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de decembro de 2022 o Concello de Silleda aprobouse a convocatoria e bases específicas que rexerán o proceso de estabilización de emprego no Concello da Silleda, de acordo coa Oferta de Emprego Público aprobada o 24 de novembro de 2022, que foi publicada no BOPPO anteriormente citado e no DOG de 27 de decembro de 2022. A aprobación de dita convocatoria e cada unha das súas bases específicas (incluída a aquí impugnada) foron publicadas no BOPPO, en data 30 de decembro de 2022.

SEGUNDO .- En data 26 de xaneiro de 2023, a recurrente presenta solicitude de participación no proceso selectivo, mais a documentación que estimou pertinente.

TERCEIRO .- Na mesma data, interponse recurso potestativo de reposición por Dna. María Teresa

Fernández Pérez, contra as referidas Bases específicas de convocatoria pública, polos motivos que constan no mesmo.

Aos anteriores son de aplicación os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- O artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP) establece que os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa poderán ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditase ou ser impugnados directamente ante a orde xurisdiccional contenciosaadministrativo.

Así mesmo, o artigo 124 sinala que o prazo para a interposición do recurso de reposición será dun mes, se o acto fóra expreso. Á súa vez, o artigo 112 LPACAP establece que contra as resolucións e os actos de trámite, se estes últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, poderán interpoñerse polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición, que caberá fundar en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 da devandita Lei.

O presente recurso de reposición foi interposto por unha aspirante no concurso, polo considérase está lexitimada para a súa interposición a teor do establecido no artigo 4 da LPACAP, presentándose o devandito recurso en tempo hábil en virtude do preceptuado no referido artigo 124.

Corresponde á Xunta de Goberno Local a resolución do presente recurso, de acordo co establecido no artigo 123, en relación co 114.1 LPACAP.

SEGUNDO. – Unha vez vistas as alegacións do recurrente e a documentación obrante no expediente procedése a poñer de manifesto o seguinte:

A) No relativo a impugnación do baremo de méritos, no atinente á experiencia profesional:

A convocatoria é un acto de aplicación da Relación de Postos de Traballo (RPT).

As relacións de postos de traballo son actos administrativos; no son norma ou disposición xeral, o que significa que a RPT non é un acto ordenador, se non un acto ordenado, mediante o que a Administración autoorganiza un elemento da súa estrutura como é o do persoal integrado nela.(SS TS 5 de febreiro de 2014, e de 7 de abril de 2014)

A RPT comprenderá como mínimo, no que agora interesa, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional e os corpos ou escalas a que estean adscritos.

Os grupos de clasificación profesional dos funcionarios de carreira establécense de acordo con a titulación esixida para o acceso aos mesmos, tal como se observa no artigo 76 do EBEP, polo que será importante coñecer o grupo profesional ao que figure adscrito un posto na RPT porque en

función diso deberá sacarse a provisión o seu acceso no proceso selectivo que se convoque. Así a sentenza do Tribunal Supremo do 20 de xullo de 2015 (recurso nº 1691/2014) destaca un aspecto importantísimo das RPT, que ven a dicir que, aínda que non sexa un acto normativo, condiciona outros actos posteriores.

É dicir, as bases específicas que nos ocupan traen causa da aprobación da modificación do cadro de persoal, da aprobación da oferta pública de emprego público, e da aprobación definitiva da RPT, (todas elas publicadas no BOPPO de data 9 de decembro de 2022), o que significa que son actos preparatorios da convocatoria e das bases que se establezan.

O motivo de traer a colación estas consideracións no é outro que deixar patente que a praza convocada de TRABALLADOR/A SOCIAL ten unhas características especiais xa recollidas na ficha da RPT e esas funcións concretas son as que, implícitamente, levan a aplicar os criterios de valoración agora impugnados, relativos á experiencia profesional e a distinta puntuación sexa na administración convocante ou en distinta administración e que ao o único posto ao que se pode acceder dende a praza de TRABALLADOR/A SOCIAL, é o posto 0203, cúa misión é “Valorar e diagnosticar as situacións de problemática social individuais que se presentan, e deseñar os plans de intervención adecuados. Realizar as tarefas de tramitación de expedientes e prestacións sociais, xestión e coordinación dos servizos de axuda a domicilio e Lei de Dependencia, así como as tarefas derivadas da prestación dos servizos de benestar e servizos sociais de problemas nas relacións humanas e o fortalecemento nas persoas para incrementar o benestar.”, e se ben é certo que nun proceso selectivo, o que se convoca é a praza, non se pode desvincular esta da súa relación co posto ou postos que potencialmente poidan ocuparse unha vez se acceda á mesma.

Esta vinculación, totalmente lóxica, está imposta con carácter básico con artigo 61.2 do TREBEP. É dicir, se ben o proceso selectivo convoca plazas e o de provisión postos, o proceso selectivo debe respectar, por pura lóxica, a conexión entre tal proceso e as tarefas do posto, polo que dadas as funcións tan específicas, queda plenamente xustificada a diferenza de puntuación.

B) No relativo á impugnación da limitación a 10 anos da experiencia profesional:

En relación á existencia dun límite máximo de dez anos na puntuación da apartado experiencia profesional é necesario poñer o mesmo en relación co resto dos apartados.

En todo sistema no que se somen as puntuacións de apartados diferenciados, sexa un concurso de méritos ou un procedemento de contratación da LCSP a existencia de máximos, cando existen múltiples criterios, é o que permite ponderar a importancia duns con respecto aos outros. É dicir, a administración, na súa procura da mellor oferta ou o mellor candidato fixa límites a partir dos cales a mellora nun criterio deixa de ser interesante en relación cos restantes criterios. No caso que nos ocupa, o apartado experiencia profesional puntúa xa 9 veces o que o apartado formación.

É precisamente a existencia dun límite a que impide que este apartado desprace aínda máis ao apartado formación e é unha decisión da administración considerar que o undécimo ano de experiencia profesional non se valore e unha vez que os candidatos alcanzaron unha experiencia que permita o desempeño óptimo do posto, alcáncese a puntuación máxima neste apartado e sexa a formación a que decida o proceso.

Por todo elo, o motivo de impugnación debe ser desestimado

A xunta de goberno local ACORDA

Desestimar as pretensiones plantexadas pola recurrente, polos motivos expostos no corpo deste acordo.

Notificar ao interesado e publicar o texto íntegro do presente acordo , ao abeiro do artigo 45 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedimiento Administrativo Común das Administracions Públicas, nos medios establecidos nas Bases da Convocatoria.

FOD - Expediente 1776/2022. Seleccións de Persoal e Provisións de Postos - Alegación Psicóloga

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Inclusión por urxencia Expediente 1776/2022

Toma a palabra o Sr. Presidente, para explicar a urxencia da proposición incluída na orde do día da presente Xunta de Goberno Local.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 16 de febreiro de 2023.

Visto o recurso potestativo de reposición interposto por Dña. Tania Rodríguez Canitrot, contra AS BASES ESPECÍFICAS QUE RIXEN O PROCESO SELECTIVO EXTRAORDINARIO DE ESTABILIZACIÓN DO CONCELLO DE SILLEDA PARA COBERTURA DUNHA PRAZA DE PSICÓLOGO/A, así como o expediente de referencia, sinálanse os seguintes

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- O Pleno do Concello de Silleda, na sesión celebrada o 26 de maio de 2022, aprobou definitivamente a modificación do cadro de persoal, así como a oferta pública de emprego para o ano 2022. Así mesmo aprobou inicialmente a Relación de postos de Traballo (RPT).

No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 103, de data 31 de maio de 2022, publicouse o anuncio de exposición ao público da RPT, por un período de 20 días contados a partir do seguinte

á publicación.

Presentadas reclamacións, alegacións ou suxestións no prazo establecido foron resoltas por acordo plenario, en sesión celebrada en data 24 de novembro do 2022, sendo aprobada definitivamente a Relación de Postos de Traballo (RPT).

De conformidade co disposto polo artigo 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, procedeuse á publicación íntegra da mencionada Relación de Postos de Traballo (RPT) no BOPPO en data 09 de decembro de 2022.

No que aquí interesa, consta a seguinte ficha de descripción de posto de traballo:

FICHA DE DESCRICIÓN DO POSTO DE TRABALLO							Concello de Silleda
DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABALLO: PSICÓLOGO/A							Código
							0204
Relación laboral:	Grupo	Tipo	Corpo/Escala	Sistema de acceso	Nº postos	Nivel	Localización
Funcionario/a	A2	F	AE	CONCURSO	1	20	Oficinas.
REQUISITOS DO POSTO							
Titulación esixida: Título universitario: Grao en psicoloxía							
Coñecementos específicos: Informática, galego. Carné de conducir B . Coñecemento dos distintos programas e axudas existentes en materia de igualdade.							
Misión: Atención psicolóxica a mulleres e familias en situación de vulnerabilidade e atención a problemas de violencia de xénero.							
Funcións principais: 1. Atención psicolóxica, realizando valoracións e orientacións psicolóxicas. 2. Realización de valoracións e orientacións psicolóxicas, así como a emisión dos informes que se consideren pertinentes 3. Control e seguimento da evolución das usuarias e das familias 4. Realización de informes psicolóxicos naqueles supostos en que sexan solicitados por organismos públicos 5. Colaboración na elaboración, planificación, avaliación e difusión dos plans municipais encomendados ó servizo. 6. Intervención individual. Colaboración na elaboración de memorias e documentos 7. Realización de prácticas de grupo e talleres de autoestima. 17. Prestar atención e información ao público nas materias do seu ámbito de competencia. 18. . En xeral todas aquelas actividades non especificadas anteriormente, incluídas no exercicio da súa titulación 10. Realizar calquera función, propia da súa categoría, que contribúa a un óptimo funcionamento do Concello							

CONDICIÓN DO POSTO DE TRABALLO

-Xornada normal
-Interior, saídas puntuais.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de decembro de 2022 o Concello de Silleda aprobouse a convocatoria e bases específicas que rexerán o proceso de estabilización de emprego no Concello da Silleda, de acordo coa Oferta de Emprego Público aprobada o 24 de novembro de 2022, que foi publicada no BOPPO anteriormente citado e no DOG de 27 de decembro de 2022. A aprobación de dita convocatoria e cada unha das súas bases específicas (incluída a aquí impugnada) foron publicadas no BOPPO, en data 30 de decembro de 2022.

SEGUNDO.- E n data 25 de xaneiro de 2023 a recurrente presenta solicitude de participación no proceso selectivo, mais a documentación que estimou pertinente.

TERCEIRO . – Con data de rexistro de entrada 26 de xaneiro de 2023 interponse recurso potestativo de reposición por Dna. Tania Rodriguez Canitrot contra as referidas Bases específicas de convocatoria pública, polos motivos que constan no mesmo.

Aos anteriores son de aplicación os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- O artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP) establece que os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa poderán ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditase ou ser impugnados directamente ante a orde xurisdiccional contenciosaadministrativo.

Así mesmo, o artigo 124 sinala que o prazo para a interposición do recurso de reposición será dun mes, se o acto fóra expreso. Á súa vez, o artigo 112 LPACAP establece que contra as resolucións e os actos de trámite, se estes últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, poderán interpoñerse polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición, que caberá fundar en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 da devandita Lei.

O presente recurso de reposición foi interposto por unha aspirante no concurso, polo que considérase está lexitimada para a súa interposición a teor do establecido no artigo 4 da LPACAP, presentándose o devandito recurso en tempo hábil en virtude do preceptuado no referido artigo 124.

Corresponde á Xunta de Goberno Local a resolución do presente recurso, de acordo co establecido no artigo 123, en relación co 114.1 LPACAP.

SEGUNDO. – Unha vez vistas as alegacións do recurrente e a documentación obrante no expediente procedése a poñer de manifesto o seguinte:

A) No relativo a impugnación do baremo de méritos, no atinente á experiencia profesional:

A convocatoria é un acto de aplicación da Relación de Postos de Traballo (RPT).

As relacións de postos de traballo son actos administrativos; non son norma ou disposición xeral, o que significa que a RPT non é un acto ordenador, se non un acto ordenado, mediante o que a Administración autoorganiza un elemento da súa estrutura como é o do persoal integrado nela. (SS TS 5 de febreiro de 2014, e de 7 de abril de 2014)

A RPT comprenderá como mínimo, no que agora interesa, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional e os corpos ou escalas a que estean adscritos.

Os grupos de clasificación profesional dos funcionarios de carreira establécense de acordo con a titulación esixida para o acceso aos mesmos, tal como se observa no artigo 76 do EBEP, polo que será importante coñecer o grupo profesional ao que figure adscrito un posto na RPT porque en función diso deberá sacarse a provisión o seu acceso no proceso selectivo que se convoque. Así a sentenza do Tribunal Supremo do 20 de xullo de 2015 (recurso nº 1691/2014) destaca un aspecto importantísimo das RPT, que ven a dicir que, aínda que non sexa un acto normativo, condiciona outros actos posteriores.

É dicir, as bases específicas que nos ocupan traen causa da aprobación da modificación do cadro de persoal, da aprobación da oferta pública de emprego público, e da aprobación definitiva da RPT, (todas elas publicadas no BOPPO de data 9 de decembro de 2022), o que significa que son actos preparatorios da convocatoria e das bases que se establezan.

O motivo de traer a colación estas consideracións non é outro que deixar patente que a praza convocada de Psicólogo/a ten unhas características especiais xa recollidas na ficha da RPT e esas funcións concretas son as que, implícitamente, levan a aplicar os criterios de valoración agora impugnados, relativos á experiencia profesional e a distinta puntuación sexa na administración convocante ou en distinta administración e que ao o único posto ao que se pode acceder dende a praza de Psicólogo/a, é o posto 0204, cuxa misión é a Atención psicolóxica a mulleres e familias en situación de vulnerabilidade e atención a problemas de violencia de xénero; e se ben é certo que nun proceso selectivo, o que se convoca é a praza, non se pode desvincular esta da súa relación co posto ou postos que potencialmente poidan ocuparse unha vez se acceda á mesma.

Esta vinculación, totalmente lóxica, está imposta con carácter básico con artigo 61.2 do TREBEP. É dicir, se ben o proceso selectivo convoca prazas e o de provisión postos, o proceso selectivo debe respectar, por pura lóxica, a conexión entre tal proceso e as tarefas do posto, polo que dadas as funcións tan específicas, queda plenamente xustificada a diferenza de puntuación.

En consecuencia, visto o específico daquelas funcións, non quebra o principio de proporcionalidade a diferenciación da valoración da experiencia en igual praza na administración convocante debido ao maior coñecemento da organización, recursos locais, ferramentas, singularidades das funcións, de normativa local aplicable no exercicio do posto que xera, dun modo obxectivo, unha presunción de desempeño do posto con maior eficacia e eficiencia para a administración convocante.

En consecuencia , desestímase o primeiro motivo do recurso.

B) No relativo á impugnación da limitación a 10 anos da experiencia profesional:

En relación á existencia dun límite máximo de dez anos na puntuación da apartado experiencia profesional é necesario poñer o mesmo en relación co resto dos apartados.

En todo sistema no que se somen as puntuacións de apartados diferenciados, sexa un concurso de méritos ou un procedemento de contratación da LCSP a existencia de máximos, cando existen múltiples criterios, é o que permite ponderar a importancia duns con respecto aos outros. É dicir, a administración, na súa procura da mellor oferta ou o mellor candidato fixa límites a partir dos cales a mellora nun criterio deixa de ser interesante en relación cos restantes criterios. No caso que nos ocupa, o apartado experiencia profesional puntúa xa 9 veces o que o apartado formación.

É precisamente a existencia dun límite a que impide que este apartado desprace aínda máis ao apartado formación e é unha decisión da administración considerar que o undécimo ano de experiencia profesional non se valore e unha vez que os candidatos alcanzaron unha experiencia que permita o desempeño óptimo do posto, alcáncese a puntuación máxima neste apartado e sexa a formación a que decida o proceso.

Por todo elo, o motivo de impugnación debe ser desestimado

A xunta de goberno local ACORDA

Desestimar as pretensiones plantexadas pola recurrente, polos motivos expostos no corpo deste acordo.

Notificar á interesada e publicar o texto íntegro do presente acordo , ao abeiro do artigo 45 de la Lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedimiento Administrativo Común das Administracions Públicas, nos medios establecidos nas Bases da Convocatoria.

FOD - Expediente 1776/2022. Seleccións de Persoal e Provisións de Postos - Alegación Avogado/a

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Inclusión por urxencia Expediente 1776/2022

Toma a palabra o Sr. Presidente, para explicar a urxencia da proposición incluída na orde do día da presente Xunta de Goberno Local.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 16 de febreiro de 2023.

Visto o recurso potestativo de reposición interposto por D RAFAEL RIVEIRO ALVAREZ , contra AS BASES ESPECÍFICAS QUE RIXEN O PROCESO SELECTIVO EXTRAORDINARIO DE ESTABILIZACIÓN DO CONCELLO DE SILLEDA PARA COBERTURA DUNHA PRAZA DE AVOGADO/A, así como o expediente de referencia, sinálanse os seguintes

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- O Pleno do Concello de Silleda, na sesión celebrada o 26 de maio de 2022, aprobou definitivamente a modificación do cadro de persoal, así como a oferta pública de emprego para o ano 2022. Así mesmo aprobou inicialmente a Relación de postos de Traballo (RPT).

No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 103, de data 31 de maio de 2022, publicouse o anuncio de exposición ao público da RPT, por un período de 20 días contados a partir do seguinte á publicación.

Presentadas reclamacións, alegacións ou suxestións no prazo establecido foron resoltas por acordo plenario, en sesión celebrada en data 24 de novembro do 2022, sendo aprobada definitivamente a Relación de Postos de Traballo (RPT).

De conformidade co disposto polo artigo 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, procedeuse á publicación íntegra da mencionada Relación de Postos de Traballo (RPT) no BOPPO en data 09 de decembro de 2022.

No que aquí interesa, consta a seguinte ficha de descripción de posto de traballo:

FICHA DE DESCRICIÓN DO POSTO DE TRABALLO							Concello de Silleda
DENOMINACIÓN DO POSTO DE TRABALLO: AVOGADO/A							Código
							0201
Relación laboral:	Grupo	Tipo	Corpo Escala	Sistema de acceso	Nº postos	Nivel	Localización
Funcionario	A1-A2	F	AE	CONCURSO	1	22	Oficinas.
REQUISITOS DO POSTO							
Titulación esixida:							
Título universitario: Grao en Dereito							
Coñecementos específicos:							

Informática, galego. Coñecemento dos distintos programas e axudas existentes en materia de igualdade. Carné de conducir B.

Misión:

Organización, control e xestión do Centro de Información á Muller

Funcións principais:

1. Coordinación da atención específica a mulleres en situación de especial vulnerabilidade.
2. Asesoramento xurídico ás persoas e colectivos. Asesorar e informar ás usuarias velando polo correcto cumprimento dos seus dereitos.
3. Prestar atención individualizada ás usuarias mediante o asesoramento persoal , telefónico ou por escrito.
4. Coordinación da atención específica a mulleres vítimas de violencia de xénero, poñendo á súa disposición os recursos existentes na Comunidade Autónoma a través da xestión urxente dos servizos policiais, sanitarios, xudiciais e sociais que sexan oportunos
5. Información sobre os recursos dispoñibles no seu ámbito territorial.
6. Organización, xestión e seguimento de conferencias, encontros, xornadas, exposicións ou cursos.
7. Información sobre cursos, estudos e xornadas que se programen no seu ámbito territorial, así como sobre as actividades e servizos desenvolvidos polo órgano competente en materia de igualdade da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.
8. Divulgación e sensibilización da problemática das mulleres impartindo charlas, conferencias, participando nos medios de comunicación, etc.
9. Fomento do asociacionismo e a participación cidadá das mulleres e do colectivo LGTBI
- 10.Recepción, canalización e tramitación de denuncias en materia de discriminación por razón de xénero ou por razón da identidade e a orientación sexual no ámbito da publicidade e os medios de comunicación
- 11.Coordinación con outros servizos pertencentes a outras institucións públicas ou privadas
- 12.Elaboración e supervisión de memorias e informes.
- 13.Promoción da formación continua do persoal dependente do CIM nas materias relacionadas co obxecto e funcións do centro.
14. Información e asesoramento ao colectivo LGTBI encamiñada á integración e á igualdade de oportunidades das persoas que o integran en todos os ámbitos
19. Realización de calquera outra actividade que favoreza a consecución do principio de igualdade
20. . En xeral todas aquelas actividades non especificadas anteriormente, incluídas no exercicio dasúa titulación
- 17..Realizar calquera función, propia da súa categoría, que contribúa a un óptimo funcionamento do Concello

CONDICIÓN DO POSTO DE TRABALLO

- Xornada normal
- Interior, saídas puntuais.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de decembro de 2022 o Concello de Silleda aprobouse a convocatoria e bases específicas que rexerán o proceso de estabilización de emprego no Concello da Silleda, de acordo coa Oferta de Emprego Público aprobada o 24 de novembro de 2022, que foi publicada no BOPPO anteriormente citado e no DOG de 27 de decembro de 2022. A aprobación de dita convocatoria e cada unha das súas bases específicas (incluída a aquí impugnada) foron publicadas no BOPPO, en data 30 de decembro de 2022.

SEGUNDO. – Con data de rexistro de entrada 20 de xaneiro de 2023, interponse recurso potestativo de reposición por D. RAFAEL RIVEIRO ALVAREZ , contra as referidas Bases específicas de convocatoria pública, polos motivos que constan no mesmo.

TERCEIRO.-Con posterioridade, en data 24 de xaneiro de 2023, o recurrente presenta solicitude

de participación no proceso selectivo, mais a documentación que estimou pertinente.

Aos anteriores son de aplicación os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- O artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP) establece que os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa poderán ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditase ou ser impugnados directamente ante a orde xurisdiccional contenciosaadministrativo.

Así mesmo, o artigo 124 sinala que o prazo para a interposición do recurso de reposición será dun mes, se o acto fóra expreso. Á súa vez, o artigo 112 LPACAP establece que contra as resolucións e os actos de trámite, se estes últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, poderán interpoñerse polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición, que caberá fundar en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 da devandita Lei.

O presente recurso de reposición foi interposto por un aspirante no concurso, se ben é certo que a solicitude de participación realizouse con posterioridade e que na mesma contén unha serie de manifestacións que, en principio, semellan contradicir o contido do propio recurso, De todos os xeitos considérase está lexitimado para a súa interposición a teor do establecido no artigo 4 da LPACAP, presentándose o devandito recurso en tempo hábil en virtude do preceptuado no referido artigo 124.

Corresponde á Xunta de Goberno Local a resolución do presente recurso, de acordo co establecido no artigo 123, en relación co 114.1 LPACAP.

SEGUNDO. – Unha vez vistas as alegacións do recurrente e a documentación obrante no expediente procedése a poñer de manifesto o seguinte:

As alegacións da existencia no acto recorrido dunha violación de dereitos fundamentais constitúe unha motivación que atopa o seu encadre específico no citado artigo 47.1 da Lei 39/2015 (anterior 62.1.a de a Lei 30/1992, A LEI 3279/1992): “a) Os que lesionen os dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional.”

Este avance constitucional na configuración xurisprudencial do asunto levou a que a maioría destes recursos convertesen á “violación de dereitos fundamentais” no seu motivo principal, pola súa aparente abstracción, desaparecendo as mencións aos demais supostos de nulidade contidos no artigo 47.1 e que precisan pola súa propia natureza unha maior proba e concreción no recurso (órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio, contido imposible, constitutivos de infracción penal ou se diten como consecuencia desta, ditados prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido ou das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colexiados, os actos expresos ou presuntos

contrarios ao ordenamento xurídico polos que se adquiren facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para a súa adquisición, ou o que se estableza expresamente nunha disposición con rango de Lei).

Existe unha certa tendencia que leva a invocar este motivo de nulidade -constitucional mediante a interposición dun recurso estandarizado, repleto de citas xenéricas da xurisprudencia constitucional e doutros tribunais existente sobre este aspecto e aderezada con adxectivos como “patente” ou “manifesta” infracción.

Un concepto tan aparentemente abstracto como é a “violación de dereitos fundamentais” esixe unha concreción ao caso que non queda salvada coa remisión xenérica da xurisprudencia.

Con iso queremos poñer de manifesto que no caso de que a causa de nulidade alegada sexa a do epígrafe a) do artigo 47.1 non basta cunha mención abstracta ou referencial da xurisprudencia (como ocorre no presente recurso), senón que haberá que probar como a infracción constitucional concreta se produciu nese caso, polas circunstancias do mesmo, por aplicación das bases impugnadas, as motivacións do expediente e os efectos ante o recorrente.

No presente suposto:

A) No relativo a impugnación do baremo de méritos no atinente á experiencia profesional:

A convocatoria é un acto de aplicación da Relación de Postos de Traballo (RPT).

As relacións de postos de traballo son actos administrativos; non son norma ou disposición xeral, o que significa que a RPT non é un acto ordenador, se non un acto ordenado, mediante o que a Administración autoorganiza un elemento da súa estrutura como é o do persoal integrado nela. (SS TS 5 de febreiro de 2014, e de 7 de abril de 2014)

A RPT comprenderá como mínimo, no que agora interesa, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional e os corpos ou escalas a que estean adscritos.

Os grupos de clasificación profesional dos funcionarios de carreira establécense de acordo con a titulación esixida para o acceso aos mesmos, tal como se observa no artigo 76 do EBEP, polo que será importante coñecer o grupo profesional ao que figure adscrito un posto na RPT porque en función diso deberá sacarse a provisión o seu acceso no proceso selectivo que se convoque. Así a sentenza do Tribunal Supremo do 20 de xullo de 2015 (recurso nº 1691/2014) destaca un aspecto importantísimo das RPT, que ven a dicir que, aínda que non sexa un acto normativo, condiciona outros actos posteriores.

É dicir, as bases específicas que nos ocupan traen causa da aprobación da modificación do cadro de persoal, da aprobación da oferta pública de emprego público, e da aprobación definitiva da RPT, (todas elas publicadas no BOPPO de data 9 de decembro de 2022), o que significa que son actos preparatorios da convocatoria e das bases que se establezan.

O motivo de traer a colación estas consideracións no é outro que deixar patente que a praza

convocada de Avogado/a ten unhas características especiais xa recollidas na ficha da RPT e esas funcións concretas son as que, implícitamente, levan a aplicar os criterios de valoración agora impugnados, relativos á experiencia profesional e a distinta puntuación sexa na administración convocante ou en distinta administración e que ao o único posto ao que se pode acceder dende a plaza de avogado/a, é o posto 0201, cúa misión é a organización, control e xestión do Centro de Información á Muller, e se ben é certo que nun proceso selectivo, o que se convoca é a praza, non se pode desvincular esta da súa relación co posto ou postos que potencialmente poidan ocuparse unha vez se acceda á mesma. Esta vinculación, totalmente lóxica, está imposta con carácter básico con artigo 61.2 do TREBEP. É dicir, se ben o proceso selectivo convoca prazas e o de provisión postos, o proceso selectivo debe respectar, por pura lóxica, a conexión entre tal proceso e as tarefas do posto, polo que dadas as funcións tan específicas, queda plenamente xustificada a diferenza de puntuación.

En consecuencia, visto o específico daquelas funcións, non quebra o principio de proporcionalidade a diferenciación da valoración da experiencia en igual praza na administración convocante debido ao maior coñecemento da organización, recursos locais, ferramentas, singularidades das funcións, de normativa local aplicable no exercicio do posto que xera, dun modo obxectivo, unha presunción de desempeño do posto con maior eficacia e eficiencia para a administración convocante.

En consecuencia , desestímase o primeiro motivo do recurso.

B) No relativo á impugnación dos criterios de desempate:

Non existe o criterio de desempate ao que fai referencia o recurrente (“adjudicar la plaza al ocupante actual de la misma”) , polo que o motivo de impugnación haberá de desestimarse sin entrar en ningunha outra consideración.

A xunta de goberno local ACORDA

Desestimar as pretensiones plantexadas polo recurrente, polos motivos expostos no corpo deste acordo.

Notificar ao interesado e publicar o texto íntegro do presente acordo , ao abeiro do artigo 45 de la Lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedimiento Administrativo Común das Administracions Públicas, nos medios establecidos nas Bases da Convocatoria.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE